



CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

BANDO

D. Carlos Ladra Brage, Alcalde do Concello de Cabanas, en cumprimento do establecido no artigo 21.1.e da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

FAI SABER QUE:

Que estando próxima a celebración da noite de San Xoán, coas tradicionais luminarias, e sendo preciso **controlar o cumprimento da normativa vixente**, sobre todo **en canto a seguridade dos participantes**, tendo en conta que segundo o disposto no artigo 1.º do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, *os Concellos poderán intervir a actividade dos seus administrados, entre outros casos, no exercicio da función de policía cando puidera existir perturbación ou perigo de perturbación na tranquilidade, salubridade ou seguridade cidadá*, coa finalidade de restablecelas ou conservalas, e de acordo tamén co contido Decreto 1005/2016 polo que se regulan as medidas relativas á prevención de incendios forestais, onde se indica que esta prohibido facer luminarias agás en festas locais ou arraigada tradicional cultural. Para o que se precisar autorización previa do Concello.

O goberno de Cabanas **habilitara unha zona na praia da Magdalena** para a realización de fogueiras. **Primarase a seguridade e a protección do medio ambiente** na realización das luminarias.

AS CONDICIÓNS SON AS SEGUINTE:

- O **prazo para a solicitude** dos permisos para as luminarias de San Xoán remata o xoves 20 ás 14h, e deberá formalizarse no Rexistro Municipal
- Por motivos de seguridade **limitarase a 45 o número de luminarias**, repartidas en tres áreas con 15 luminarias cada unha, que serán adxudicadas por orde de inscrición até acadar o cupo máximo.
- Establécese **unha fianza de 50 euros por permiso**, que se devolverán a semana seguinte se se cumpran as **normas e as condicións de limpeza e medio ambiente**.
- **Seralle asignado a cada solicitante unha zona delimitada** para a realización da súa luminaria.
- **A dimensión da luminaria** non superará os 3 metros de altitude nin os 2 metros de diámetro.
- **Só se permite a queima de madeira** e quedan expresamente prohibidos os materiais tóxicos ou perigosos (colchóns, neumáticos, aceites, plásticos, envases baleiros de aerosois...)
- **A luminaria quedará vixiada ata a súa total extinción**, que deberá ser asegurada empapando os restos totalmente con auga. Queda expresamente prohibido a extinción ou o tapado dos rescoldos con area.
- No caso de **meteoroloxía adversa**, prohibirase a realización das luminarias.
- **A persoa solicitante sempre será a responsábel** dos danos e prexuízos que a luminaria ocasione.

No caso de problemas debера chamar ao 112.

O que se fai publico para o seu coñecemento e debido cumprimento.

Cabanas 18 de xuño de 2019
O Alcalde,

Carlos Ladra Brage